



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Delegación da competencia para celebración de matrimonio civil entre JA.A.M e V.L.M o día 03 de maio do 2025 , ás 14:00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello de Baleira (Lugo) :

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira (Lugo) o 24 de abril do 2025 dictou a Resolución que de seguido se transcribe (na Resolución constan os nomes completos dos contrayentes):

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o contido da Resolución de 15 de abril do 2025 da Encargada da Oficina Xeral do Rexistro Civil de A Fonsagrada, autorizando o matrimonio solicitado por D. JA.A.M e D^a V.L.M delegando a súa celebración no Concello de Baleira, de conformidade coas facultades que me confiren os artigos 23.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e 51.2 do Código Civil,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar no concelleiro deste Concello de Baleira , D. Miguel Ángel Fernández González, a competencia para a celebración do matrimonio civil de D. JA.A.M e D^a V.L.M o día 03 de maio do 2025 ás 14:00 horas no salón de sesións do Concello de Baleira .

Segundo.-Na acta de autorización do matrimonio fágase constar que o Concelleiro actuou por delegación do Alcalde.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao Sr. Concelleiro para o seu coñecemento e demais efectos , debéndose incorporar ó expediente a aceptación da presente delegación.

Cuarto.- Dar conta desta Resolución á Corporación Municipal en Pleno na primeira sesión que teña lugar, e publicar o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais".

Baleira, 25 de abril de 2025.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1161

LUGO

Anuncio

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de Técnico/a Medio/a de Xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 pertencente a OEP 2022 e 2 pertencentes á OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 20 de Marzo de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 10/129 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE TECNICO/A MEDIO/A

DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP 2022 E 2 PERTENCENTES Á OEP 2023).

- Visto o acordo 15/167 RECTIFICACIÓN DO ACORDO 10/129 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP 2022 E 2 PERTENCENTES Á OEP 2023) adoptado pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2024, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2024.

- Polo DECRETO Nº 3611/2024 do 19/04/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a TRES PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP 2022 E 2 PERTENCENTES Á OEP 2023)., que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 20 de marzo de 2024 e rectificadas na sesión do 10 de abril de 2024.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 097 do 26 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 120, do 21 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto:

“DÉCIMO NOVENO.- Rectificar o Acordo 10/129 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 3 PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP DE 2022 E 2 PERTENCENTES Á OEP DE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2024 e rectificado polo Acordo 15/167 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir:

“Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 312, do 27 de decembro de 2024.

Con data do 28 de xaneiro de 2025 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

Informe do Servizo de Persoal de data 25 de abril de 2025, do cumprimento de requisitos dos aspirantes no proceso selectivo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 278 do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS/AS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE ASI COMO AS PRAZAS RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA figurando na súa base **DUODÉCIMA.-**

“LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

(...)

No caso de procesos selectivos de quenda de promoción interna, rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade das e dos aspirantes ó servizo do Concello, da súa condición de funcionarias ou funcionarios ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.

Por todo o anteriormente exposto, as atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024 **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 3611/2024 do 19/04/2024 para o acceso en propiedade a tres prazas de Técnico/a Medio/a de Xestión pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (1 pertencente á OEP 2022 e 2 pertencentes á OEP 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI
POMBO GALLEGO, NURIA	***3123**
RODRIGUEZ ALVAREDO, NATALIA	***4439**
SANTIAGO VAZQUEZ, JULIA	***3089**

EXCLUÍDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
BOCELO GOMEZ, LUIS	***5576**	(2)
MARTINEZ DABLANCA, ANA ISABEL	***1382**	(1)

(1): Non aportar Dni, pasaporte ou outro documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

(2): Non ser empregado público do concello de Lugo con praza en propiedade.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 29 de abril de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permy Villanueva.

R. 1162

MONTERROSO

Anuncio

Contas Municipais

Formulada e rendida a conta xeral desta Corporación correspondente ó exercicio 2024, integrada polas contas e estados a que fai referencia o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, por quince días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto na normativa vixente.

Monterroso, 29 de abril de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1163

Anuncio

Aprobada inicialmente, por Acordo do Pleno de data 24/04/2025, a modificación da base número 41 de execución do orzamento municipal para o ano 2025 (2023 prorrogado), con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello *[dirección <https://monterroso.sedelectronica.gal/info.0>]*.

De conformidade co acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Monterroso, 28 de abril de 2025.- O ALCALDE, Eloy Pérez Sindín.

R. 1164

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación con data de 24/04/2025 o expediente de modificación de créditos num. 05 de 2025 financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, dentro do vixente Orzamento municipal, por un importe de **catrocentos noventa e tres mil oitocentos trinta e seis euros con oitenta e nove céntimos (493.836,89)**, en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co art. 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 05 de marzo, expónse o público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas o Sr. Alcalde deste Concello.

Monterroso, 29 de abril de 2025.- O ALCALDE, Eloy Pérez Sindín.

R. 1165

*Anuncio***Información pública**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 24 de abril de 2025, a modificación do artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles e do artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas do Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra das devanditas ordenanzas.

Monterroso, 29 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 1166

XERMADE*Anuncio***PADRÓN SAF MES MARZO DE 2025.**

Pola Resolución da Alcaldía de data 29/04/2025 aprobouse o padrón correspondente o mes de MARZO DE 2025, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 07/05/2025.

Xermade, 29 de abril de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1170

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía núm. 2025-0933 de data 29 de abril de 2025, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ioga, bolillos e bordado e ximnasia de mantemento, pilates e aerobic) correspondentes a mensualidade de maio de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 5 de maio de 2025 ata 4 de xullo de 2025; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 29 de abril de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1171

Anuncio

Por Decretos de Alcaldía nº 2025-0923 e 2025-0924 de data 28 de abril de 2025, aprobáronse inicialmente os Padróns do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrenza e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de Marzo de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 02 de maio de 2025 ata 03 de xullo de 2025; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 29 de abril de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1172
